



ORDENANZA FISCAL NÚM. 1 :

REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, contendo as normas que atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/88.

Artigo 2ª. Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes que entenda a administración ou as Autoridades Municipais.

2.- A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquer documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

3.- Non esta suxeito a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, de recursos administrativos contra resolucións municipais de calquer índole e os relativos á prestación de servicios ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, xa gravados por outra taxa municipal, ou polos que se esixa un prezo público neste Concello.

Artigo 3º. Suxeito pasivo.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que non seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4º. Responsable

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades i entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria

ARTIGO 5º . Exencións subxectivas

Gozarán de exención aqueles contribuintes que acrediten estar en situación de exclusión social. Esta condición deberá acreditarse mediante informe dos servizos sociais do concello

Artigo 6. Cota tributaria.

1.- A cota tributaria determinarase por una cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2.- A cota da Tarifa corresponde a tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a resolución final, incluída a certificación e notificación o interesado do acordo recaído.

3.- As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse un 50 por cento cando os interesados solicitasen con carácter urxente a tramitación dos expedientes que motivasen o devengo.

Artigo 7º. Tarifas.¹

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase nos seguintes epígrafes:

- Epígrafe primeiro. Censos de poboación de habitantes	Tarifa
1.- Informes de convivencia, conducta e dedicación	3,00 €
2.- Certificacións relacionadas co Padrón Municipal de habitantes:	3,00 €
3.- Certificacións e informes de calificación urbanística	30,00 €
- Epígrafe segundo. Certificacións e cotexos	
1.- Certificación de acordos da Corporación	12,00 €
2.- Certificacións de informacións testificais feitas na Alcaldía	12,00 €
3.- Documentos análogos non comprendidos nos apartados anteriores	6,00 €
4.- Dilixencia de cotexo de documentos	1,00 €
5.- Polo bastanteo de poderes que produzan efectos nas oficinas municip	15,00 €
- Epígrafe terceiro. Documentos expedidos ou extendidos polas oficinas municipais	
Copias de planos existentes nas dependencias municipais segundo formato	
1.- Plano tamaño DIN A-4	2,00 €
2.- Plano tamaño DIN A-3	4,00 €
3.- Planos o documentos editados en cd	60,00 €
- Epígrafe cuarto: Contratación de obras e servizos	
1.- Por cada contrato administrativo, que se suscriba de obras, bens o u servizos:	
- Cota fixa de 150 € para tódolos contratos con independencia do orzamento de execución material	
- Mais unha cota variable do 1% do orzamento de execución material no caso de que este sexa superior a 25.000 euros	
2.- Constitución, substitución ou devolución de fianzas para licitacións de obras municipais, por cada acto	30,00 €
3.- Certificacións de obras, cada unha	100,00 €
4.- Actas de recepción de obras, cada unha	50,00 €

¹ Artigo modificado según acordo plenario do 14/11/2012. En vigor dende o 01/01/13.

- Epígrafe quinto. Outros expedientes ou documentos

1.- Denuncias presentadas por particulares na que deba intervir a administración municipal	60,00 €
2.- Calquer outro expediente ou documento non expresamente tarifado	12,00 €

- Epígrafe sexto.- Dereitos de exame

1.- Exame para prazas encadradas no grupo A/B ou asimilados	60,00 €
2.- Prazas do grupo C / D ou asimilados	40,00 €
3.- Prazas do grupo E ou asimilados	30,00 €

Artigo 8. Bonificacións da cota.

Non se concederá bonificación algunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa.

Artigo 9. Devengo.

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

2.- Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2ª, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando ésta se inicie sen solicitude previa do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 10. Declaración e ingreso.

1.- A taxa esixirase mediante o seu pagamento en efectivo, non en efectos timbrados, nas oficinas municipais, no momento da presentación dos documentos que inicien o expediente, ou ó retirar a certificación ou notificación da resolución recaída no mesmo.

2.- Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non se lles dará curso sen que se subsane a deficiencia, a tal fin requerirase ó interesado para que no prazo de 10 días abone as cotas correspondentes co *apercibimento* de que transcurrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3.- As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal en virtude de oficio de Xuzgados ou Tribunais para toda clase de pleitos, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfaga a correspondente cota tributaria.

Artigo 11. Infraccións e sancións

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.



Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día vintecatro de xuño de mil novecentos oitenta e nove, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.